



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Campos Bastos, Celso
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Suso, Patricia
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Saborido, Anxo Manuel
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Garriga Domínguez, Ana
 González Piñeiro, Luis
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Legido Soto, José Luis
 Membiela Iglesia, Pedro
 Nombela Castaño, Miguel Ángel
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pousada Carballo, José M^a
 Rabanal Carbajo, Pedro
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Sánchez Bello, Patricia A.
 Suárez Creo, Juan
 Sueiro Justel, Joaquín
 Troncoso Durán, Dolores
 Vázquez López, Ezequiel M.

DESCULPAN ASISTENCIA:

Gil Villanueva, José M^a
 Fandiño Alonso, Xaime

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 15 de xuño de dous mil seis, convocada para as 10:30 horas en primeira convocatoria e as 11:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da nova Reitoría.

O xoves, día 15 de xuño de 2006, ás horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2006.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2006-07.
4. Modificación puntual do encargo de docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en políticas comunitarias, desenvolvemento e cooperación transfronteiriza. I Máster/Especialista en Psicomotricidade: Especialidade en Estimulación psicomotriz na primeira infancia e na idade escolar; Especialidade en Reeducación e terapia psicomotriz; Especialidade en Intervención psicomotriz na terceira idade. Titulacións propias: Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento.
6. Aprobación, se procede, de modificacións puntuais da relación de postos de traballo dos funcionarios de administración e servizos.
7. Actualización das tarifas de uso das instalacións deportivas para o curso 2006/07.
8. Aprobación, se procede, de diversas aplicacións e importes para incorporación de remanentes de libre disposición.
9. Toma de acordo ante o recursos de alzada presentado polo profesor D. José Enrique Pérez Rodríguez contra o POD do Curso 2006-07 do Departamento de Tradución e Lingüística.
10. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentada polos seguintes alumnos: Sara Nogueiras Lemos, da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, na materia "Contabilidade de Sociedades"; Leticia Giménez Solla, da E.U. de Estudos Empresariais, na materia "Dirección de Empresas I" e María Paz Salgado Blanco, da E.U. de Estudos Empresariais, na materia Matemáticas Financeiras I.
11. Aprobación, se procede, da proposta elaborada pola COAP para a resolución dos procedementos de avaliación curricular nos casos de que a Comisión de Avaliación Curricular non se non se constituíu en forma e prazo, segundo o disposto no artigo 6.5 da nova normativa de permanencia.

12. Resolución do recurso de alzada presentado polo alumno da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais Alejandro Alfonso Cornes contra a desestimación por parte do Consello de Departamento da revisión da cualificación do exame da materia “Calor e Frío Industrial II”.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, o Consello superior de Investigacións Científicas e as tres universidades galegas – Convenio marco de colaboración coa Corporación de Educación La Araucana de Santiago de Chile – Acordo de codirección internacional de tese coa Universidade 7 de novembro de Cartago (Tunicia) – Convenio de colaboración coa Universidade Federal de Bahía (Brasil) – Acordo específico de cooperación relativo a mobilidade de estudantes coa Universidade de Bretagne-Sud (Francia).
14. Validación de xeracións de crédito.
15. Rogos e preguntas.
16. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2006.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2006.

Apróbase por asentimento

Punto 2.- Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Dos últimos cambios ministeriais.
- Da toma de posesión do novo Reitor, Alberto Gago Rodríguez, que terá lugar o día 27 de xuño ás 12 horas, no paraninfo da Reitoría, acto ao que están convidados todos os membros do Consello de Goberno.
- Están invitados a asistir con voz pero sen voto:

Ao punto 6 o señor Juan Cebro (presidente da Xunta de PAS funcionario)

Ao punto 9: o profesor D. José Enrique Pérez Rodríguez e Dona Susana Cruces Colada (Directora do Departamento de Tradución e Lingüística).

Ao punto 12: D. José A. Fernández Vilán (Director do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos).

- Da retirada do punto nº 14 da orde do día xa que foi incluído por erro.

Punto 3.- Aprobación, se procede, do calendario escolar para o curso 2006-07.

A secretaria xeral informa de que a proposta de calendario que se presenta é similar á do curso 2005-06, adaptando as datas aos calendarios dos anos 2006 e 2007.

Tras un breve debate apróbase por asentimento o calendario escolar para o curso 2006-07 que figura no Anexo I.

Punto 4.- Modificación puntual do encargo de docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa da proposta de modificación puntual do encargo de docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte para o curso 2006-07.

Apróbase por asentimento a modificación proposta e que figura no Anexo II.

Punto 5.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en políticas comunitarias, desenvolvemento e cooperación transfronteiriza. I Máster/Especialista en Psicomotricidade: Especialidade en Estimulación psicomotriz na primeira infancia e na idade escolar; Especialidade en Reeducación e terapia psicomotriz; Especialidade en Intervención psicomotriz na terceira idade. Titulacións propias: Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento.

A vicerreitora de organización académica e profesorado di que a proposta da COAP é de informar favorablemente os 3 cursos coa seguinte matización: no I Máster/Especialista en Psicomotricidade o número de títulos inicialmente proposto (sete), debe ser reducido a dous: un de Máster e un de Especialista, cada un con 3 especialidades ou orientacións.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP.

Punto 6.- Aprobación, se procede, de modificacións puntuais da relación de postos de traballo dos funcionarios de administración e servizos.

O xerente informa das dúas propostas de modificacións parciais da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos.

A primeira leva consigo a inclusión coa precisión “a extinguir” do posto de Coordinadora da Secretaría Xeral (ver Anexo III).

A segunda modificación derívase dos cambios no equipo de goberno consecuencia das eleccións celebradas recentemente e implica a creación de dous postos de traballo e o cambio de denominación de outros oito postos (ver Anexo III).

Apróbanse ambas modificacións por asentimento.

Punto 7.- Actualización das tarifas de uso das instalacións deportivas para o curso 2006/07.

O reitor informa da proposta de taxas para o uso de instalacións deportivas para o curso 2006/07.

Apróbase por asentimento. (Anexo IV)

Punto 8.- Aprobación, se procede, de diversas aplicacións e importes para incorporación de remanentes de libre disposición.

O vicerreitor de planificación informa sobre o contido neste punto.

Apróbase por asentimento. (Anexo V)

Punto 9.- Toma de acordo ante o recursos de alzada presentado polo profesor D. José Enrique Pérez Rodríguez contra o POD do Curso 2006-07 do Departamento de Tradución e Lingüística.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que a cuestión reside no criterio de antigüidade á hora da elección da docencia. Analizado pola COAP o recurso, así como o informe da Dirección do Departamento de Tradución e Lingüística, entende que non hai variacións substanciais na reclamación con respecto ao POD do curso 2005/06, polo que propón ao Consello de Goberno que o recurso sexa desestimado.

O recorrente, D. José Enrique Pérez Rodríguez, desculpa a súa asistencia a este punto e envía un escrito que figura como Anexo VI.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP de desestimación do recurso.

Punto 10.- Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentada polos seguintes alumnos: Sara Nogueiras Lemos, da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, na materia “Contabilidade de Sociedades”; Leticia Giménez Solla, da E.U. de Estudos Empresariais, na materia “Dirección de Empresas I” e María Paz Salgado Blanco, da E.U. de Estudos Empresariais, na materia Matemáticas Financeiras I.

O vicerreitor de innovación e calidade informa de que unha vez aplicados os criterios aprobados pola COAP o informe é favorable para as alumnas Dona Sara Nogueira Lemos e Dona María Paz Salgado Blanco e desfavorable para Dona Leticia Giménez Solla.

Apróbase por asentimento a estimación dos recursos de alzada presentados por:

- Dona Sara Nogueira Lemos, alumna da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, na materia “Contabilidade de Sociedades”.
- Dona M^a Paz Salgado Blanco, alumna da E.U. de Estudos Empresariais, na materia “Matemáticas Financeiras I”.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso de alzada presentado pola alumna da E.U. de Estudos Empresariais Dona Leticia Giménez Solla, na materia “Dirección de Empresas I”.

Punto 11.- Aprobación, se procede, da proposta elaborada pola COAP para a resolución dos procedementos de avaliación curricular nos casos de que a Comisión de Avaliación Curricular non se non se constituíu en forma e prazo, segundo o disposto no artigo 6.5 da nova normativa de permanencia.

O vicerreitor de innovación e calidade e profesorado informa de que a COAP acordou comunicar aos centros que se dea un último prazo de 30 días para que se convoque a comisión de avaliación curricular do centro ou ben para que se constituía. De non haber resolución, e unha vez consultada a Asesoría Xurídica, a COAP resolverá.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP.

Punto 12.- Resolución do recurso de alzada presentado polo alumno da E.T.S. de Enxeñeiros Industriais Alejandro Alfonso Cornes contra a desestimación por parte do Consello de Departamento da revisión da cualificación do exame da materia “Calor e Frío Industrial II”.

A vicerreitora de organización académica e profesorado informa de que unha vez analizado o contido do recurso, os criterios de avaliación establecidos, así como o informe xurídico, a COAP, recollendo a proposta do Tribunal de Garantías, entende que o estudante D. Alejandro Alfonso Cornes ten dereito a ser avaliado obxectivamente no seu rendemento académico global polo que a cualificación da materia “Calor e Frío Industrial II” debe pasar a ser de aprobado.

O reitor informa dos pasos dados previamente sobre este tema antes de traelo para que o Consello de Goberno o sancione.

O señor Lago roga que conste en acta que espera que non se repita este tipo de feitos nesta universidade.

Tras un breve debate apróbase por asentimento a proposta da COAP.

Punto 13.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas – Convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, o Consello superior de Investigacións Científicas e as tres universidades galegas – Convenio marco de colaboración coa Corporación de Educación La Araucana de Santiago de Chile – Acordo de codirección internacional de tese coa Universidade 7 de novembro de Cartago (Tunicia) – Convenio de colaboración coa Universidade Federal de Bahía (Brasil) – Acordo específico de cooperación relativo a mobilidade de estudantes coa Universidade de Bretagne-Sud (Francia).

Apróbanse por asentimento.

Punto 14.- Validación de xeracións de crédito-.

Retirado da orde do día.

Punto 15.- Rogos e preguntas.

O profesor Pousada roga que no regulamento de exames se analice a normativa sobre publicación de cualificacións e posible variación destas nos procesos de revisión antes da elaboración da acta definitiva.

Punto 16.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2006.

Apróbase por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:10 horas do día 15 de xuño de 2006 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe